

## **CIRCULAR 5/2021 DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL SOBRE A ORGANIZACIÓN DOS NIVEIS BÁSICO A2, INTERMEDIO B1, INTERMEDIO B2 E AVANZADO C1 DAS ENSIANZAS DE INGLÉS DE RÉXIME ESPECIAL NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN A DISTANCIA, MEDIANTE O PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!* PARA O CURSO 2021/22**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación dedica o capítulo VII do Título I ás ensinanzas de idiomas. No seu artigo 59.1 organiza unha estrutura destas ensinanzas en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Así mesmo, o artigo 60.3 da citada lei establece que as administracións educativas poderán integrar nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas de idiomas a distancia e, no seu desenvolvemento, o Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro (BOE 23/12/2017), fixa as esixencias mínimas do nivel básico A2 para os efectos de certificación, establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 e establece as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as descritas no real decreto.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia

Na Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño, do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (BOE 19/06/08) establécense os currículos dos niveis básico e intermedio das ensinanzas de réxime especial do idioma inglés a distancia.

Na Orde ECD/1211/2014, do 8 de xullo, regúlanse as características e establécense a estrutura, o currículo e as probas correspondentes ao nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de inglés, adaptadas á modalidade de educación a distancia.

Co fin de garantir a correcta implantación destas ensinanzas e a consecución dos fins previstos, así como de unificar os criterios de actuación nos distintos centros educativos nos que se ofertará a modalidade de inglés a distancia a través do programa *That's English!*, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional dita as seguintes instrucións.

### **1. DESCRICIÓN E ORGANIZACIÓN DOS CURSOS**

1.1. Estas instrucións teñen por obxecto establecer a organización académica dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 do idioma inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial, coas oportunas adaptacións curriculares para a súa impartición a través da modalidade a distancia.

1.2. A denominación destas ensinanzas na modalidade de educación a distancia é *That's English!*



1.3. Co fin de equiparar as modalidades presencial e a distancia do idioma inglés que se imparten nas escolas oficiais de idiomas (EOI), estanse desenvolvendo novos materiais para a modalidade a distancia que permiten cubrir os niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 e que teñen como referencia as competencias propias dos niveis A2, B1, B2 e C1 definidos no Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas.

1.4. No curso 2021/22, estarán dispoñibles os materiais correspondentes ao Plan de estudos 2020 de *That's English!*, divididos nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1

<b>THAT'S ENGLISH! • PLAN DE ESTUDOS 2020</b>		
<b>NIVEL</b>	<b>CURSO</b>	<b>MÓDULO</b>
BÁSICO A2	1º básico A2	Básico A2.1
		Básico A2.2
	2º básico A2	Básico A2.3
		Básico A2.4
INTERMEDIO B1	Intermedio B1	Intermedio B1.1
		Intermedio B1.2
INTERMEDIO B2	1º intermedio B2	Intermedio B2.1
		Intermedio B2.2
	2º intermedio B2	Intermedio B2.3
		Intermedio B2.4
AVANZADO C1	Avanzado C1	Avanzado C1.1
		Avanzado C1.2

\* Ao remate dos módulos A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2, o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, respectivamente. Estas probas son unificadas para todo o alumnado que curse ensinanzas de idiomas de réxime especial, independentemente da modalidade (presencial ou a distancia) cursada.

1.5. O alumnado de *That's English!* non terá que facer efectivo o pagamento de prezos públicos para a realización das probas terminais de certificación correspondentes ao nivel en que estea matriculado. A superación destas probas dará lugar á expedición dos certificados dos niveis básico A2 (ao remate do módulo A2.4), intermedio B1 (ao remate do módulo B1.2), intermedio B2 (ao remate do módulo B2.4) ou avanzado C1 (ao remate do módulo C1.2) das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma inglés.



## 2. CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

2.1. Para acceder a estas ensinanzas é requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano en que se inicien os estudos. Así mesmo, poderán acceder as persoas maiores de catorce anos, se o idioma inglés non é a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria.

Ademais, teranse en conta os seguintes requisitos académicos:

### 2.1.1. Nivel básico A2

Para poder matricularse no segundo curso do nivel básico A2, o alumnado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións:

- Ter superado o primeiro curso de nivel básico (A2) de inglés pola modalidade presencial ou a distancia.
- Ter superado o módulo básico A2.1, que forma parte do primeiro curso do nivel básico A2 do Plan 2020 *That's English!* Neste caso será preciso que o/a alumno/a supere o módulo básico A2.2 na convocatoria de decembro para poder ser avaliado/a dos módulos do segundo curso do nivel básico A2.
- Obter acceso ao segundo curso de nivel básico na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co apartado 2.2.

### 2.1.2. Nivel intermedio B1

Para acceder ao nivel intermedio B1 de inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do Título de Bacharel, se o inglés foi o idioma cursado como primeira lingua estranxeira.
- Estar en posesión do certificado acreditativo de ter superado o nivel básico A2 pola modalidade presencial ou a distancia.
- Ter superado o segundo curso do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- Estar en posesión dalgún dos certificados acreditativos do nivel A2 recollidos no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016.
- Obter acceso ao nivel intermedio na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co apartado 2.2.

### 2.1.3. Nivel intermedio B2

2.1.3.1. Para acceder ao primeiro curso do nivel intermedio B2 de inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:



- Estar en posesión do certificado acreditativo de ter superado o nivel intermedio B1 pola modalidade presencial ou a distancia.
- Ter superado o módulo 6 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio B1 do Plan 2018 de *That's English!*
- Estar en posesión dalgún dos certificados acreditativos do nivel B1 recollidos no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016.
- Obter acceso ao primeiro curso do nivel avanzado na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co apartado 2.2.

2.1.3.2. Para poder matricularse no segundo curso do nivel intermedio B2, o alumnado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións:

- Ter superado o primeiro curso do nivel intermedio B2 pola modalidade presencial ou a distancia.
- Estar en posesión do certificado acreditativo de ter superado o nivel intermedio das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, pola modalidade presencial.
- Estar en posesión do certificado do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- Ter superado o módulo intermedio B2.1, que forma parte do segundo curso do nivel intermedio B2 do Plan 2020 *That's English!* Neste caso será preciso que o/a alumno/a supere o módulo B2.2 na convocatoria de decembro para poder ser avaliado dos módulos do segundo curso do nivel intermedio B2.
- Ter superado o módulo 9 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio B2 do plan 2018 de *That's English!*
- Ter superado o módulo 10 que forma parte do primeiro curso do nivel intermedio B2 do plan 2018 de *That's English!*
- Ter superado o módulo 11 do plan 2018.
- Obter acceso ao segundo curso do nivel intermedio B2 na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo apartado 2.2.

#### 2.1.4. Nivel avanzado C1

Para acceder ao nivel avanzado C1 de inglés das ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia será preciso cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do certificado acreditativo de ter superado o nivel intermedio B2 pola modalidade presencial ou a distancia.
- Estar en posesión do certificado de aptitude das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- Estar en posesión dalgún dos certificados acreditativos do nivel B2 recollidos no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016.



- Obter acceso ao nivel avanzado C1 na Valoración Inicial do Alumnado (VIA), de acordo co apartado 2.2.

## 2.2. Proba VIA (Valoración Inicial do Alumnado)

En calquera caso, poderá acceder ao curso que corresponda dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 ou avanzado C1 quen, cumprindo cos requisitos establecidos no artigo 59.2 da Lei Orgánica 2/2006, de Educación, poida acreditar o dominio de competencias suficientes no idioma inglés mediante a Valoración Inicial do Alumnado (VIA), prevista no artigo 3 da Orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño (BOE do 19 de xuño de 2008). A dita proba vai dirixida a aquelas persoas que, tendo coñecementos previos de inglés, desexen acceder a un curso do programa *That's English!* distinto de primeiro de nivel básico, e desenvolverase de acordo cos seguintes puntos:

- As escolas oficiais de idiomas administrarán a proba VIA antes de finalizar o período de matrícula establecido, nos centros autorizados, preferentemente naqueles que sexan centros de apoio administrativo.
- A proba VIA será elaborada polos departamentos de inglés das EOI de Galicia de acordo coas normas e criterios establecidos para as probas de clasificación.
- Complementariamente, e para facilitar o proceso de admisión do alumnado, o CIDEAD facilitará unha proba VIA en liña a través da web de *That's English!*, cuxa aplicación será optativa para os efectos de clasificación para as EOI.
- Ao alumnado que realice a proba VIA en liña informaráselle do curso ao que ten acceso provisional e poderá matricularse dende a propia páxina de *That's English!*, tendo sempre en conta que a súa escola de referencia poderá realizar probas complementarias para confirmar ou cambiar o seu nivel.
- O resultado da proba de clasificación ordinaria de lingua inglesa realizada nas EOI de Galicia terá a mesma consideración que a proba VIA.
- O resultado da proba VIA permitirá o acceso, segundo proceda, ao curso que se indique. Este resultado non dará dereito, en ningún caso, á certificación académica de superación de nivel.
- Unha vez formalizada a matrícula no curso que corresponda tras a realización da proba VIA, os seus efectos serán de aplicación en calquera das escolas oficiais de idiomas e centros autorizados para impartir o programa *That's English!* Con este fin, o centro onde se realizara a proba e a matrícula correspondente poderá expedir, a instancia do/a interesado/a, unha certificación desta circunstancia.
- O resultado da proba VIA terá validez unicamente para o curso 2021/22.
- Quen solicite realizar a dita proba deberá efectuar a preinscrición no curso ao que desexe acceder. Unha vez coñecidos os resultados da proba, que se realizará antes de finalizar o período de matrícula, efectuarán, se é o caso, o pagamento e formalización definitiva da matrícula e a solicitude dos materiais didácticos.

2.3. O alumnado de *That's English!* terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas onde estea matriculado. Se o seu centro de apoio tutorial





fose un IES, terá a consideración de alumnado oficial da escola oficial de idiomas da que dependa o IES como centro de apoio administrativo.

2.4. Non se poderán cursar ao mesmo tempo as ensinanzas de idiomas de réxime especial de inglés polas modalidades presencial e a distancia. Cando se detecte duplicidade de expedientes deberá procederse de xeito que o alumnado opte por unha das dúas modalidades, renunciando voluntariamente á outra.

### 3. MATRÍCULA

3.1. No curso académico 2021/22, o alumnado poderá matricularse nos seguintes cursos das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia.:

- Nivel básico A2: 1º curso (módulos A2.1 e A2. 2) e 2º curso (módulos A2.3 e A2. 4)
- Nivel intermedio B1 (módulos B1.1 e B1.2)
- Nivel intermedio B2: 1º curso (módulos B2.1 e B2.2) e 2º curso (módulos B2.3 e B2.4)
- Nivel avanzado C1 (módulos C1.1 e C1.2)

Estes cursos terán a mesma validez académica que os que se imparten actualmente nas escolas oficiais de idiomas e as súas seccións na modalidade presencial.

As datas de matrícula serán **do 7 de setembro ao 29 de outubro de 2021**, sen prexuízo de que se poida habilitar un prazo extraordinario de matrícula con posterioridade, de existiren prazas dispoñibles.

3.2. O alumnado inscrito no programa *That's English!* poderá solicitar, a través do seu centro de apoio tutorial, a renuncia ás convocatorias correspondentes ao curso en que estea matriculado, sempre que o faga con anterioridade á primeira convocatoria de avaliación de cada curso. A aceptación desta solicitude de renuncia non suporá a devolución do importe nin dos materiais correspondentes ao curso, pero permitiralle ao alumnado matricularse o curso seguinte sen efectuar de novo o pagamento correspondente ao material didáctico.

#### 3.3. Prezos públicos

3.3.1. Ao realizar a inscrición, o alumnado que se matricule por primeira vez nun curso deberá aboar a cantidade de 198€, salvo que teña dereito a algunha das reducións de prezo contempladas nos apartados 3.7 a 3.12. A inscrición dará dereito aos medios didácticos postos a disposición do alumnado para cada curso, incluídos o acceso á plataforma e-learning e o apoio tutorial.

3.3.2. Ao alumnado que repita un curso proporcionaráselle un caderno de actividades do nivel correspondente, e aboará 100€ ao formalizar a súa inscrición.



O alumnado repetidor non poderá solicitar ningunha das reducións de prezo contempladas nos apartados 3.7. a 3.12. desta circular.

A inscrición, en calquera caso, quedará formalizada unha vez que se realice o pagamento do material didáctico de cada curso e cando o formulario, debidamente validado pola entidade bancaria, sexa entregado no centro de apoio administrativo correspondente. A dita entrega realizarase dentro dos prazos establecidos. Nese momento o/a alumno/a recibirá o material didáctico que corresponda.

### 3.4. Centro de matrícula, traslado de expediente e traslado de matrícula viva

3.4.1. O alumnado matriculado nun centro nun determinado ano académico terá asegurada a praza para proseguir os seus estudos no mesmo centro ao ano seguinte.

Cando o alumnado matriculado nun centro nun determinado ano académico solicite praza para proseguir os seus estudos ao ano seguinte nun centro distinto, terá dereito preferente sobre o alumnado que se matricule por primeira vez no programa *That's English!*, pero só se poderá atender a súa petición se existen prazas libres no centro ao que queira acceder.

Neste caso, a secretaría do centro de orixe fará unha preinscrición do/a alumno/a que solicita o traslado para garantir a súa continuidade no programa e porase en contacto co centro de destino para coñecer se dispón de praza. En caso afirmativo, facilitará os datos de preinscrición para que se teñan en conta nese centro. Esta preinscrición será tan só para os efectos de garantir a praza no centro de destino.

Unha vez que remate este proceso, comunicaráselle ao/á alumno/a a concesión ou denegación do traslado para que poida formalizar a matrícula no centro solicitado, en caso afirmativo, ou facer firme a inscrición no propio centro, en caso negativo.

A matrícula non poderá facerse efectiva no centro mentres o/a alumno/a non realice a súa inscrición definitiva e o centro de destino non reciba o expediente do/a alumno/a do centro de orixe. Unha vez confirmada a recepción do expediente, darase de baixa o/a alumno/a no centro de orixe.

3.4.2. As solicitudes de traslado de matrícula viva por cambio de residencia do/a alumno/a durante o curso académico tramitaranse seguindo este mesmo procedemento.

3.4.3. Non é posible solicitar o traslado de matrícula viva entre *That's English!* e a modalidade oficial presencial durante o curso académico.

3.4.4. Se un/ha alumno/a de *That's English!* desexase continuar os seus estudos na modalidade presencial dentro do mesmo centro ou noutro, para o seu acceso a esta modalidade terase en conta a súa condición de alumno/a oficial, e deberá seguir o procedemento e prazos establecidos para a matrícula do alumnado presencial na escola correspondente.



3.5. A inscrición realizarase por vía telemática e o pagamento poderase realizar por vía telemática ou de forma presencial

O/A alumno/a deberá inscribirse a través da páxina web de *That's English!* ([www.thatenglish.com](http://www.thatenglish.com)) cubrindo os datos solicitados. Poderá optar por realizar o pago en liña (TPV virtual) ou na entidade bancaria establecida para tal fin. O alumnado que opte por esta modalidade deberá ter en conta que a entidade bancaria pode cobrar unha comisión por realizar a operación.

O prazo para realizar o pago será de 3 días laborables desde que se cubra en liña o impreso. O alumnado presentará, na escola oficial de idiomas ou no centro de apoio administrativo que elixa, a documentación, incluído o xustificante de pagamento, nun prazo non superior a 3 días laborables desde a realización do pago.

3.6. O/A alumno/a presentará, no centro de apoio administrativo que elixa, o impreso de matrícula con todos os apartados debidamente cubertos, así como unha fotocopia do DNI, e ademais:

- a) Se se matricula por primeira vez no nivel intermedio B1 na modalidade a distancia, unha fotocopia compulsada que acredite que cumpre calquera dos requisitos que se especifican no apartado 2.1.2.
- b) Se se matricula por primeira vez no primeiro curso do nivel intermedio B2 na modalidade a distancia, unha fotocopia compulsada que acredite que cumpre calquera dos requisitos que se especifican no apartado 2.1.3.
- c) Se se matricula por primeira vez no nivel avanzado C1, na modalidade a distancia, unha fotocopia compulsada que acredite que cumpre calquera dos requisitos que se especifican no apartado 2.1.4.
- d) Se se matricula no segundo curso do nivel básico A2, ou intermedio B2:
  - Se xa foi alumno/a de *That's English!* e ten superado o primeiro curso do correspondente nivel, ou lle falta só un módulo, unha fotocopia do boletín de cualificacións.
  - Se ten superado o primeiro curso do correspondente nivel en calquera EOI na modalidade presencial, unha certificación académica oficial expedida polo centro onde cursou os seus estudos.
- e) Se é alumno/a repetidor/a dalgún dos cursos do programa, unha fotocopia do boletín informativo de cualificacións.
- f) Se solicitou a renuncia ás convocatorias do curso anterior, un certificado da súa concesión por parte da dirección da EOI.

Unha vez realizado o pago, o alumnado disporá de 3 días laborables a partir do seguinte á realización deste para presentar a documentación pertinente no centro. Se transcorre este prazo, a inscrición carecerá de efectos.

O alumnado que solicite a realización da proba de Valoración Inicial do Alumnado non poderá formalizar a súa inscrición ata coñecer os resultados. Unha vez coñecidos, o alumnado disporá de 3 días naturais para formalizar a súa inscrición





definitiva no curso. Se transcorre este prazo, a inscrición realizada carecerá de efectos.

3.7. O alumnado que estea en posesión do título oficial de familia numerosa terá dereito á exención parcial ou total do pago do custo da matrícula e do material didáctico posto á disposición deste, segundo a categoría:

- Categoría xeral: prezo reducido (aboará 100€)
- Categoría especial: exención do pagamento

O alumnado que solicite exercer este dereito debe acreditar a súa condición, presentado o correspondente título oficial de familia numerosa actualizado, expedido pola autoridade competente, xunto cunha fotocopia que, unha vez cotexada co orixinal, quedará arquivada no seu expediente.

3.8. Todo o persoal (funcionario, interino ou persoal laboral) da administración pública que desexe inscribirse neste programa terá dereito ao prezo reducido do material didáctico (pago de 100€). A persoa interesada deberá presentar na secretaría da escola oficial de idiomas unha certificación da súa condición de persoal en activo.

3.9. As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% estarán exentas de calquera pago por materiais didácticos. Para acreditar esta situación, deberán presentar unha fotocopia do certificado de minusvalía ditado polo órgano correspondente.

3.10. O alumnado recoñecido como vítima do terrorismo estará exento do pagamento do material didáctico. Para acreditar esta condición deberá presentar o informe preceptivo do Ministerio do Interior.

3.11. O/A alumno/a que forme parte dunha unidade familiar (pais/nais e fillos/as, irmáns/ás, cónxuxes e parellas de feito), na que algún dos seus membros estivera ou estea inscrito no mesmo curso do Plan 2020, só aboará a cantidade de 100€ en concepto de material didáctico. Para isto, deberá acreditar tal circunstancia mediante unha fotocopia do libro de familia, ou documento equivalente, e o resgardo de inscrición do membro que adquiriu os materiais do curso en que se inscribe a persoa interesada en *That's English!* Este desconto non é compatible con outros descontos aplicados a algún dos membros da unidade familiar e só se aplicará a un membro da mesma unidade.

3.12. As persoas en paro maiores de 52 anos teñen dereito ao prezo reducido de 100€. Para isto, deberán presentar o orixinal e unha fotocopia da tarxeta de demanda de emprego en vigor.

3.13. As reducións contempladas nos apartados 3.7 a 3.12 non son acumulables entre si nin aplicables ao alumnado repetidor.



3.14. Cada centro de apoio administrativo poderá ter asignados como centros de apoio tutorial varios centros autorizados para impartir ensinanzas do idioma inglés a distancia. O alumnado recibirá a relación dos centros de apoio tutorial que correspondan ao centro de apoio administrativo que elixira, xunto co impreso de matrícula.

3.15. O alumnado matriculado no programa *That's English!* terá garantido o apoio tutorial durante todo o curso académico.

Ao cubrir o impreso de matrícula, o alumnado deberá consignar, por orde de preferencia, aqueles centros onde prefira recibir a atención tutorial. No suposto de existir maior demanda que oferta para un ou varios centros, as prazas asignaranse por orde de solicitude de inscrición, coa excepción prevista no apartado 3.4 para o alumnado que xa estivera matriculado durante o curso anterior, quen terá asegurada a súa praza nas condicións previstas; e o alumnado procedente de traslado desde outro centro, que gozará de carácter preferente fronte ao alumnado de novo ingreso.

3.16. Unha vez finalizado o prazo de matrícula, os centros de apoio administrativo elaborarán unha listaxe definitiva de alumnado matriculado que deberá facerse pública.

3.17. Devolución de matrícula.

3.17.1. Unha vez formalizada a matrícula, e de acordo co disposto na Lei 3/2014, do 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, o alumnado terá dereito a desistir da inscrición, sen indicar ningún motivo, durante un período de 14 días naturais desde o momento do pago da inscrición.

Neste caso, o alumno/a deberá realizar a petición no centro de apoio administrativo onde formalizou a matrícula ou descargar o formulario de desistencia da web de *That's English!* e envialo ao seguinte enderezo electrónico: [devoluciones@thatsenglish.com](mailto:devoluciones@thatsenglish.com). O alumnado disporá de 14 días naturais para entregar o material, sen desprecintar, na EOI en que estea matriculado.

Unha vez que a sociedade encargada da xestión do proxecto (Eductrade) reciba a documentación e comprobe coa escola a devolución do material precintado, realizarase a devolución do importe aboado polos seguintes métodos de pago:

- Se o/a alumno/a pagou por TPV: retroceso do pago á súa tarxeta.
- Se o/a alumno/a pagou nunha sucursal bancaria: transferencia ao número de conta corrente que o/a alumno/a facilite no formulario de desistencia.

En calquera caso, e sen ningún custo, o alumnado poderá solicitar a devolución por transferencia bancaria con independencia do método de pago elixido para realizar a súa matrícula.



O dereito de desistencia non será aplicable se o material didáctico de *That's English!* foi aberto ou se os servizos de *That's English!* foron utilizados polo/a alumno/a.

3.17.2. Unha vez transcorrido o período de 14 días estipulado pola lei, só procederá a devolución da inscrición en *That's English!* por causas xustificadas imputables ao programa. Neste caso, o procedemento que se seguirá para tramitar a devolución de matrícula será o seguinte:

- a) O/A alumno/a presentará no centro de apoio administrativo onde formalizou a súa inscrición a correspondente instancia de solicitude debidamente motivada e, no seu caso, xustificada documentalmente, xunto co orixinal do "Exemplar para o/a alumno/a" do impreso de matrícula e unha copia do DNI. A instancia de solicitude de devolución debe presentarse antes do 15 de decembro de 2021.
- b) O centro de apoio administrativo deberá entregarlle ao alumnado un xustificante por escrito onde quede constancia da reclamación realizada.
- c) A dirección do centro redactará un informe sobre a devolución, tendo en conta que esta só procederá cando sexa debida a causas imputables a *That's English!*
- d) A instancia, xunto co informe da dirección do centro, será remitida no prazo de 15 días ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 3º andar, 15781 Santiago de Compostela.
- e) Cando proceda a devolución, faranse as xestións necesarias para que lle sexa reintegrada ao/á alumno/a a cantidade aboada, ben na súa tarxeta de crédito/débito (se realizou a inscrición na web de *That's English!* por medio deste método de pago) ou mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado. En ambos os casos, o alumnado deberá devolver previamente o material didáctico sen desprecintar.
- f) Cando non proceda a devolución, comunicáraselle á persoa interesada a través do centro de apoio administrativo.

#### 4. CENTROS

4.1. Os niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial impartiranse na modalidade de educación a distancia a través das escolas oficiais de idiomas e IES autorizados para ese efecto. Os ditos centros figuran no anexo I desta circular.

4.2. Son centros de apoio administrativo a EOI da Coruña, a EOI de Lugo, a EOI de Ourense, a EOI de Pontevedra e a EOI de Vigo; os demais centros terán a consideración de centros de apoio titorial da EOI á que estean adscritos por criterios de proximidade xeográfica. Os centros de apoio administrativo emitirán as certificacións oficiais do alumnado que estea a recibir a titoría nos centros adscritos.

4.3. A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elaborará a proposta de autorización dos novos centros públicos que poidan impartir estas ensinanzas. Os centros autorizados deberán adquirir o compromiso de impartir esta modalidade educativa durante todo o curso académico. O equipo directivo do centro será



responsable do funcionamento destas ensinanzas en canto ás competencias que ten encomendadas con carácter xeral.

4.4. Os procedementos académicos e administrativos correspondentes a esta modalidade de ensino son os mesmos que os da modalidade presencial, coas excepcións impostas polas características específicas desta, no referente a matriculación e certificacións.

4.5. A programación anual de cada centro incluírá un apartado dedicado a esta modalidade de ensino onde se detallen todos os seus aspectos académicos e administrativos.

4.6. Os servizos provinciais de inspección educativa velarán polo cumprimento das normas que rexen estas ensinanzas e de cantas outras de índole administrativa, académica ou disciplinaria que, reguladas con carácter xeral, poidan incidir nesta modalidade educativa.

4.7. Os centros autorizados deben garantir quendas de tarde e noite e, se existise dispoñibilidade de espazos e demanda de alumnado, tamén se poderán establecer quendas de mañá, co fin de proporcionarlle a adecuada atención titorial ao alumnado.

## 5. PROFESORADO

5.1. O profesorado estará constituído por persoal funcionario do corpo de profesorado de EOI. Tamén poderá impartir o programa profesorado de inglés do corpo de profesorado de ensino secundario, que deberá coordinarse coa escola oficial de idiomas da que dependa naqueles temas que lle afecten ao desenvolvemento do programa e, en especial, á avaliación do alumnado.

5.2. O horario de sesións de práctica oral e atención titorial de cada grupo de alumnado farase público no centro.

5.3. A dedicación horaria de cada titor/a deberá garantir unha sesión dunha hora e media semanal de práctica oral con cada un dos grupos de alumnado que lle correspondan, así como o tempo necesario para realizar as tarefas de titoría (incluída a titoría telemática, se a houbese), revisión de actividades, elaboración de probas e avaliación. As características do programa non permiten dividir este número de horas entre dous ou máis profesores/as.

5.4. Para facilitar as tarefas docentes e de xestión, en todos os centros de apoio administrativo nomearase un/ha profesor/a coordinador/a das actividades do programa no propio centro e nos de apoio titorial adscritos a este.

5.5. O/A coordinador/a terá que ser, preferentemente, unha persoa usuaria avanzada das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). Cada coordinador/a, ademais da atención titorial de, polo menos, un grupo, de acordo



coas directrices dos órganos de coordinación docente establecidos no centro, desempeñará as seguintes funcións:

- a) Convocará reunións con todos os titores e titoras da modalidade do seu propio centro e dos centros de apoio tutorial adscritos a este para planificar e programar o curso seguinte.
- b) Informará sobre as características da modalidade (aspectos didácticos, metodolóxicos, académicos e administrativos), programación cuatrimestral de cada módulo e medios didácticos que utiliza o alumnado: libros de texto, caderno de actividades, programas de televisión, DVD, CD de audio, CD-ROM, plataforma *e-learning*, etc.
- c) Elaborará, xunto co profesorado adscrito á modalidade e en colaboración co equipo directivo do centro, o calendario e horario de titorías presenciais, facéndoo público para o coñecemento xeral do alumnado.
- d) Entregaralle ao profesorado titor o horario previsto para o curso e os medios didácticos de cada curso que imparta.
- e) Recibirá os materiais didácticos do alumnado e do profesorado, elaborados para estas ensinanzas, e coordinará a súa entrega seguindo as directrices do equipo directivo.
- f) Convocará o alumnado, xunto co profesorado titor, para facilitar información xeral sobre:
  - Presentación do profesorado titor de cada curso
  - Aspectos didácticos e metodolóxicos da educación a distancia
  - Horario de titorías
  - Aulas asignadas para esta modalidade
  - Medios didácticos
  - Información académica e administrativa contida na Guía do alumnado
- g) Coordinará, xunto coa xefatura do departamento de inglés do centro e o resto do profesorado titor con dedicación a esta oferta, a elaboración das probas presenciais de avaliación e recuperación para cada un dos módulos do programa.
- h) Organizará o calendario de avaliacións e recuperacións consonte os seguintes procedementos:
  - Elaborará o calendario de avaliacións e recuperacións ao principio do curso, de acordo coas datas previstas nesta circular, e farao público para o coñecemento xeral do alumnado.
  - Coordinará que a información do calendario previsto se envíe a todo o alumnado.
  - Coordinará o desenvolvemento das probas de avaliación e recuperación de cada módulo.
  - Coordinará o envío de cualificacións, mediante o boletín informativo a todo o alumnado matriculado, en cada unha das avaliacións, incluída a extraordinaria.





- i) Velará polo cumprimento da normativa establecida sobre a organización e o funcionamento do programa *That's English!*
- j) Realizará calquera outra función en relación co programa *That's English!* que lle sexa asignada pola dirección do centro.

5.6. O profesorado adquirirá o compromiso de impartir as titorías; supervisar actividades; elaborar, administrar e cualificar as probas de avaliación; e asinar os documentos académicos e administrativos que sexan necesarios.

## 6. ATENCIÓN TITORIAL

6.1. O alumnado disporá do apoio de profesorado especialista no ensino do idioma inglés.

6.2. A acción titorial do profesorado terá lugar, fundamentalmente, en sesións presenciais semanais dunha hora e media de duración. As titorías presenciais poderán complementarse con titorías telemáticas.

Estas sesións de apoio titorial serán colectivas para o alumnado que teña asignado cada titor/a. No momento da matrícula, o alumnado elixirá o grupo que mellor se adapte á súa dispoñibilidade horaria, non podendo esixir cambios de grupo, adaptacións personalizadas, nin modalidade das titorías (presencial ou telemática). En todo caso, a falta de asistencia ás titorías non será penalizada.

6.3. As sesións de titoría estarán destinadas a:

- Favorecer o desenvolvemento da expresión e interacción oral.
- Orientar nas técnicas e estratexias que faciliten o proceso de aprendizaxe do idioma inglés, así como anticiparse ás dificultades que lle poidan xurdir ao alumnado para axudalo a superalas.

## 7. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para o profesorado que imparta estas ensinanzas, o programa ofrecerá unha formación específica para o uso e o manexo da plataforma *e-Learning* de *That's English!* Esta formación realizarase mediante un curso en liña en que se abordarán distintos aspectos relacionados coa educación a distancia, coas tecnoloxías da información e a comunicación e co coñecemento da plataforma onde están aloxados todos os materiais dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 do plan 2020 de *That's English!*

## 8. MEDIOS DIDÁCTICOS

8.1. A distribución dos medios didácticos estará dirixida polo programa dende o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

8.2. Cando comece a matrícula no mes de setembro, estarán a disposición do alumnado matriculado os seguintes materiais:



Curso	Material
1º básico A2	Libro A2.1
	Libro A2.2
	Libro vocabulario e gramática 1
2º básico A2	Libro A2.3
	Libro A2.4
	Libro vocabulario e gramática 2
Intermedio B1	Libro B1.1
	Libro B1.2
1º intermedio B2	Libro B2.1
	Libro B2.2
2º intermedio B2	Libro B2.3
	Libro B2.4
Avanzado C1	Libro C1.1
	Libro C1.2

## 9. AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN

9.1. A avaliación desta modalidade das ensinanzas de idiomas de réxime especial terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nos currículos correspondentes aos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 na modalidade a distancia.

9.2. As probas presenciais de avaliación e recuperación para os módulos de non certificación do programa *That's English!* serán elaboradas polo profesorado adscrito ao programa. Para o deseño, administración e avaliación das ditas probas, o profesorado contará con modelos proporcionados polo programa dende o Ministerio de Educación e Formación Profesional. Estes modelos deberán entenderse como unha guía e poderán ser modificados ou substituídos por outras probas similares a criterio de cada escola.

9.3. No caso dos módulos de certificación (A2.4, B1.2, B2.4 e C1.2), o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, respectivamente.

9.4. As probas terán lugar nas escolas oficiais de idiomas e nos centros de apoio tutorial autorizados para impartir estas ensinanzas e serán administradas polo profesorado que exerce a atención tutorial no programa. O alumnado dependente dun centro tutorial que non sexa unha EOI realizará as probas terminais para a certificación do nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 do idioma inglés na EOI ou sección máis próxima, segundo o anexo II a esta circular. As probas de certificación administraranse nas datas e segundo as especificacións establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



9.5. Como se explica no punto 1.5. desta circular, para poder acceder ás probas de certificación o alumnado deberá ter superado o nivel correspondente do programa *That's English!*

9.6. Coa finalidade de informar correctamente o alumnado, o equipo directivo do centro e a persoa coordinadora do programa, de acordo co profesorado e previo coñecemento da inspección educativa, fixarán o calendario de probas de recuperación antes de finalizar o mes de outubro.

9.8. Na primeira semana do mes de decembro de 2021 convocaranse as probas de recuperación dos módulos A2.2 e B1.2. Desta maneira, o alumnado que estivera matriculado no curso 2021/22 nun curso superior, condicionado á superación destes módulos e que aínda os teña pendentes, poderá acceder ás probas do resto dos módulos en que estea matriculado.

9.9. O calendario de exames e avaliacións no curso 2021/22 adecuarase ao establecido na táboa seguinte:



<b>CALENDARIO DE EXAMES E AVALIACIÓNS</b>				
<b>Curso 2021/22</b>				
	<b>Decembro 2021</b>	<b>Febreiro 2022</b>	<b>Xuño 2022 (ordinaria)</b>	<b>Xuño 2022 (extraordinaria)</b>
<b>Nivel básico A2</b>	Recuperación Módulo A2. 2(*)	Módulo A2.1	Módulo A2.2	Recuperación Módulo A2.1
		Módulo A2.3	Módulo A2.4 <b>(proba de certificación do nivel básico)</b>	Recuperación Módulo A2.2
			Recuperación Módulo A2. 1	Recuperación Módulo A2.3
			Recuperación Módulo A2. 3	Recuperación Módulo A2. 4 <b>(proba de certificación do nivel básico)</b>
<b>Nivel intermedio B1</b>		Módulo B1.1	Módulo B1.2 <b>(proba de certificación do nivel intermedio B1)</b>	Recuperación Módulo B1.1
			Recuperación Módulo B1.1	Recuperación Módulo B1.2 <b>(proba de certificación do nivel intermedio B1)</b>
<b>Nivel intermedio B2</b>	Recuperación Módulo B2.2 (*)	Módulo B2.1	Módulo B2.2	Recuperación Módulo B2.1
		Módulo B2.3	Módulo B2.4 <b>(proba de certificación do nivel intermedio B2)</b>	Recuperación Módulo B2.2
			Recuperación Módulo B2.1	Recuperación Módulo B2.3
			Recuperación Módulo B2.3	Recuperación Módulo B2.4 <b>(proba de certificación do nivel intermedio B2)</b>
<b>Nivel avanzado C1</b>		Módulo C1.1	Módulo C1.2 <b>(proba de certificación do nivel intermedio C1)</b>	Recuperación Módulo C1.1
			Recuperación Módulo C1.1	Recuperación Módulo C1.2 <b>(proba de certificación do nivel intermedio C1)</b>

\*Alumnado matriculado no curso seguinte condicionado á superación deste módulo



9.10. A superación de cada módulo dará lugar a unha acreditación que garantirá a validez permanente das probas superadas, para os efectos desta modalidade educativa, sempre que se continúen os estudos dentro do Plan 2020.

9.11. O alumnado que supere o primeiro módulo do primeiro curso dos niveis A2 e B2, pero non o segundo, poderá matricularse do segundo curso do nivel, condicionado a recuperar o módulo pendente na convocatoria extraordinaria do mes de decembro. De non superar esta convocatoria, este alumnado será considerado en cursos posteriores repetidor do último curso do nivel en que se inscribira.

9.12. A escola oficial de idiomas da que dependa cada centro de apoio titorial ou administrativo expedirá os certificados dos niveis básico A2 e intermedio B1 das ensinanzas de idiomas de réxime especial do alumnado de *That's English!* que supere os niveis correspondentes.

9.13. Por proposta da escola oficial de idiomas da que dependa cada centro de apoio titorial ou administrativo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade expedirá os certificados dos niveis intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de idiomas de réxime especial do alumnado de *That's English!* que supere os ditos niveis.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Educación e Formación profesional

José Luis Mira Lema





## ANEXO I

### CENTROS PARTICIPANTES NO PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!*

CÓDIGO	CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE APOIO ADMINISTRATIVO
921	EOI da Coruña	EOI da Coruña Rúa da Educación, 1 15011 A Coruña Teléfono: 981 268930
925	EOI de Ferrol	
943	EOI de Santiago de Compostela	
927	IES "Agra de Raíces" (Cee)	
928	IES Nº 1 (Ribeira)	
946	Sección EOI Carballo	
948	IES de Melide	
922	EOI de Lugo	EOI de Lugo Ronda Xosé Castiñeira nº 1 27002 Lugo Teléfono: 982 829242
30	EOI de Viveiro	
934	IES "San Rosendo" (Mondoñedo)	
940	EOI de Ribadeo	
923	EOI de Ourense	EOI de Ourense Mestre Vide, s/n 32004 Ourense Teléfono: 988 366245
935	IES "Martaguisela" (O Barco de Valdeorras)	
936	IES "Xesús Taboada Chivite" (Verín)	
945	IES "Carlos Casares" (Viana do Bolo)	
941	IES "Cidade de Antioquía" (Xinzo de Limia)	
924	EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra Celso Emilio Ferreiro s/n 36005 Pontevedra Teléfono: 886 159121
938	IES "Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa" (Lalín)	
931	EOI de Vilagarcía de Arousa	
937	EOI de Vigo	EOI de Vigo Emilio Martínez Garrido, 17 36205 Vigo (Pontevedra) Teléfono: 986 263220



## ANEXO II

### CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DO PROGRAMA *THAT'S ENGLISH!*

CENTRO DE APOIO TITORIAL	CENTRO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN
EOI da Coruña	EOI da Coruña
EOI de Ferrol	EOI de Ferrol
EOI de Santiago de Compostela	EOI de Santiago de Compostela
IES "Agra de Raíces" (Cee)	Sección EOI Cee (IES "Fernando Blanco")
IES Nº 1 (Ribeira)	Sección EOI Ribeira (IES Nº 1)
Sección EOI Carballo	Sección EOI Carballo
IES de Melide	EOI da Coruña
EOI de Lugo	EOI de Lugo
EOI de Viveiro	EOI de Viveiro
IES "San Rosendo" (Mondoñedo)	EOI de Lugo
EOI de Ribadeo	EOI de Ribadeo
EOI de Ourense	EOI de Ourense
IES "Martaguisela" (O Barco de Valdeorras)	Sección EOI O Barco de Valdeorras (IES "Lauro Olmo")
IES "Xesús Taboada Chivite" (Verín)	Sección EOI Verín (IES "García Barbón")
IES "Cidade de Antioquía" (Xinzo de Limia)	Sección EOI Verín (IES "García Barbón")
IES "Carlos Casares" (Viana do Bolo)	Sección EOI O Barco de Valdeorras (IES "Lauro Olmo")
EOI de Pontevedra	EOI de Pontevedra
IES "Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa" (Lalín)	Sección EOI Lalín (IES "Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa")
EOI de Vilagarcía de Arousa	EOI de Vilagarcía de Arousa
EOI de Vigo	EOI de Vigo

